



CONCELLO DE TUI

2191/2022

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TUI E A ENTIDADE "ASOCIACION FAMILIARES,... NENOS AUTISTAS "TEA UN MAIS..."**

En Tui,

Dunha parte Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente do Concello de Tui.

Doutra parte M<sup>ª</sup> MONSERRAT MON ROMERO, con DNI \*\*5594\*\*\*, en nome e representación da "ASOCIACION FAMILIARES,... NENOS AUTISTAS "TEA UN MAIS..."", entidade sen ánimo de lucro, con número de CIF G94046380, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 89.

Ámbolos dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e subscribir o presente convenio:

### **CONSIDERAN**

- 1.- Que as Administracións poden celebrar convenios de colaboración ó amparo do disposto no artigos 28.1 da Lei 37/2013, do 17.11, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13.06 de subvencións de Galicia.
- 2.- Que en virtude do establecido no orzamento do Concello para o ano 2022, prevese unha achega a esta entidade dunha subvención de carácter nominativo polo importe de 1.500,00€, na partida : 2022/1/231/48957/01
- 3.- Que de acordo co establecido na Lei xeral de Subvencións, é preciso a realización do oportuno convenio entre a entidade beneficiaria e o Concello de Tui, no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido na devandita Lei.
- 4.- Que en base á documentación presentada procede aportar como subvención nominativa polo Concello de Tui a cantidade de 1.500,00€ no ano 2022, para axudar a sufragar os custes do Programa de actividade de inclusión e integración de persoas con TEA:.

E por todo o anterior subscriben o presente Convenio coas seguintes:

### **CLAUSULAS**

#### **1º OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

I.- É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Tui coa entidade ASOCIACION FAMILIARES,... NENOS AUTISTAS "TEA UN MAIS..." co fin de cubrir parte dos gastos de Programa de actividade de inclusión e integración de persoas con TEA:.

II.- ASOCIACION FAMILIARES,... NENOS AUTISTAS "TEA UN MAIS..." é unha entidade social sen ánimo de lucro.

III.- Tanto o Concello como a Asociación teñen fins comúns e, polo tanto, é preciso unha colaboración estreita que permita acadar a promoción-integración de colectivos en situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión entre os veciños deste Concello, segundo establece o artigo 25.2 e) da Lei reguladora de bases de réxime local.

IV.- O Concello de Tui comprométese ante a entidade ASOCIACION FAMILIARES,... NENOS AUTISTAS "TEA UN MAIS..." a subvencionar unha cantidade máxima de 1.500,00€ para axudar a sufragar os custes que ocasiona o Programa de actividade de inclusión e integración de persoas con TEA:, tendo dita asociación que presentar a axeitada xustificación en cumprimento do establecido na Lei xeral de subvencións, Lei de subvencións de Galicia, Regulamento de Fomento e Bases Xerais Tipo do Concello de Tui.

A actividade obxecto da subvención, de acordo co establecido pola Lei Xeral de Subvencións pode estar xa realizada ou pendente de realizar pero sempre se levará a cabo dentro do exercicio 2022, a cal é obxecto de subvención.

V.- No momento da firma do presente Convenio xúntanse os documentos seguintes:

- Impreso de solicitude de subvención cuberto.
- Memoria das actividades desenvoltas ou a desenvolver.

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570

MON ROMERO, MARIA MONSERRAT (1 parte 1)  
Terceiro  
Data de Sinatura: 21/1/2022  
HASH: 92fa0548b1c055cab0d775feca69aa



Cod. Validación: 5DG97QMLRRLKAZLWY59NH57P4 | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>  
Documento electrónico emitido en subvención. Verificación: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>



Cod. Validación: 92WDPJYS7675DGD22FF36ALQE | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



fins para os cales se concedeu a subvención e a adecuación dos gastos realizados ós mesmos.

#### 4ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS

I.- A xustificación da subvención deberá de facerse conforme establece a Lei Xeral de Subvencións e o Regulamento da mesma, tendo en conta que a subvención concedida non superará o 70% do custe da actividade para a que se solicitou a subvención, e asemade deben presentar conta xustificativa coa seguinte documentación mínima:

- Memoria de actuación explicativa da actividade específica subvencionada, facendo especial mención ao colectivo que foi dirixida, obxectivos conseguidos e incidencia no termo municipal.
- Memoria económica de ingresos e gastos da actividade específica subvencionada.
- Conta xustificativa, relación pormenorizada de gastos do programa ou actividade específica subvencionada.
- Facturas regulamentarias orixinais polo importe total da actividade subvencionada. (Con tódolos requisitos esixidos polo R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación).
- Xustificantes de pagamento das mesmas, mediante adeudo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento das facturas segundo o establecido nas Bases xerais tipo do Concello de Tui (Conter o selo de "pagado" co asinado e NIF do perceptor).
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención.
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria, das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións e para a mesma finalidade, referida neste caso a data de xustificación.
- De non estar vixentes os certificados presentados coa solicitude, Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social, actualizados.
- Exemplar da documentación gráfica da actividade onde conste que a patrocina ou colabora o Concello de Tui

**O prazo de xustificación iníciarase o día seguinte á data de notificación da resolución da subvención e ata a data máxima do 16 de decembro do 2022**

II.- A entidade **ASOCIACION FAMILIARES,... NENOS AUTISTAS "TEA UN MAIS...**, obrigase a realiza-las xestións oportunas para levar a termo ditas actividades, comprometéndose a destinar o importe da cantidade recibida do Concello de Tui ao fin indicado.

Si o custe total da actividade subvencionada resultara ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### 5ª OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade **ASOCIACION FAMILIARES,... NENOS AUTISTAS "TEA UN MAIS...** queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:

**Primeiro.-** Levar a cabo unha correcta execución do Programa de actividade de inclusión e integración de persoas con **TEA**; para o que ten plena capacidade de obrar e goza de total autonomía. O programa organizase baixo a súa única e exclusiva responsabilidade, tanto fronte ao Concello como fronte a terceiros.

**Segundo.-** Asumir tódolos gastos derivados da organización e desenvolvemento.

**Terceiro.-** Facer constar nas publicacións e material do programa, en lugar destacado, o logotipo do Concello de Tui e a súa colaboración.

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 5DC97QMLRRLKAZLWY59NHS7P4 | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal>  
Non imorde, entidade beneficiaria do programa de inclusión e integración de persoas con TEA



Cod. Validación: 92WDPJYS7675DGD22FF35ALQE | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



En cumprimento do establecido na resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 8 b).

De acordo coas bases expostas, asinan o presente convenio, no lugar e data citados inicialmente,

Polo concello,

O Alcalde,

Documento asinado electronicamente á data que se indica na sinatura.

Pola entidade

**M<sup>a</sup> MONSERRAT MON ROMERO**

Documento asinado electronicamente á data que se indica na sinatura.



Cod. Validación: 5DGS7QMLRRLKAZLWY59NHS7P4 | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>



Cod. Validación: 92WDPJYS7675DGD22FF36ALQE | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570